

Sumario | nº30 – Outubro 2023

EDIUS NOVAS

**Programas
de doutoramento**



EDIUS NOVAS

**Admisión en programas
do curso 2023/2024**



EDIUS NOVAS

**Nomeamentos
e novos cargos
da Escola**



**Benvida!
EDIUS 23/24**

EDIUS NOVAS

**Oferta de prazas
da EDIUS**

Novos programas de doutoramento




EDIUS NOVAS

**Andrea Cascallar, premio EUSFLAT
2022 á mellor tese de Europa polo
seu traballo doutoral na USC**



EDIUS NOVAS

**Convocados
os premios extraordinarios
de Doutoramento
2021-2022**



OPINIÓN

**Compromiso,
rigor e sensibilidade**



EDIUS DE VERÁN

**Bernard Miège: «As fake news
non son novas nin xorden
coa dixitalización, aínda
que si as amplifica»**




EDIUS NOVAS

**Teses con protección
de dereitos**



ENTREVISTA

Carmela Sánchez Carreira, nova responsable de
Formación da Escola de Doutoramento Internacional
da USC



**«Debemos preparar ao alumnado para
facilitarlle o proceso de elaboración das teses
e para a súa futura carreira»**



EDIUS NOVAS

**Calendario seguimento
e avaliación anual
no doutoramento curso
2023/2024**



Ben 23/24 EDIUS Vida!

Benvinda do director da Escola

Arrancamos un novo curso académico, despois do pequeno parón estival, con forzas renovadas para seguir potenciando os nosos estudos de doutoramento de cara a ofrecer a mellor formación académica e investigadora ás nosas doutorandas e doutorandos. Así mesmo, para tratar de dar resposta a todas as demandas e problemáticas relacionadas coa xestión académica e administrativa dos estudos de doutoramento, afrontando os novos desafíos inmediatos que se nos presentan.

Pablo Taboada,
director da EDIUS

En primeiro lugar, quero dar unha calorosa benvinda a toda a comunidade de doutoramento (estudantes de doutoramento, profesorado e persoal investigador dos programas de doutoramento, e persoal de apoio dos programas) e, en particular, ás novas doutorandas e doutorandos que comezan os seus estudos de doutoramento na nosa Universidade: Benvidas e benvidos á USC! Pero tamén aos novos representantes dos colectivos de persoal docente e investigador, de estudantes de doutoramento e do persoal de administración e servizos que resultaron elixidos nas pasadas eleccións a Representantes no Comité de dirección da EDIUS, celebradas o pasado mes de maio.

[↩ Ir ao sumario](#)



Por outra banda, gustaríame agradecer publicamente o magnífico traballo desenvolvido polo profesor Eugenio Vázquez Sentís na Subdirección da Sección de Ciencias e Enxeñería da EDIUS, quen deixou este cargo o pasado 31 de agosto a petición propia tras cinco anos. Este cambio implicou unha pequena reorganización na estrutura directiva da EDIUS, incorporándose a profesora Eva Rodil Rodríguez, anterior secretaria da Escola, como nova Subdirectora da Sección de Ciencias e Enxeñería; a profesora María Isabel Neira López, anterior coordinadora de formación, como nova secretaria da EDIUS; e a profesora María del Carmen Sánchez Carreira como nova coordinadora de formación.

Con carácter previo ao propio inicio do curso académico, na EDIUS comezamos xa a abordar a modificación normativa necesaria para a harmonización inmediata da regulamentación dos estudos de doutoramento da universidade coa nacional tras a publicación, o pasado 18 de xullo, do Real Decreto 576/2023, de 4 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, no que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, entre outros reais decretos. O conxunto das modificacións realizados no RD 99/2011 afectarán aos estudantes de doutoramento que empezan este curso académico, e aquelas relativas ao depósito e lectura das teses de doutoramento, a todas as doutorandas e doutorandos a partir do curso académico 2024/2025. Neste proceso de adaptación normativa contaremos coa opinión de toda a comu-

nidade de doutoramento, como non pode ser doutra forma.

Ademais, este ano iniciaremos o proceso de acreditación da EDIUS, o cal unha vez concluído, suporá unha importante diminución da carga de traballo para os programas de doutoramento relativa aos procesos de seguimento e acreditación.

A mellora e reforzo das actividades de formación de doutoramento; o desenvolvemento de novas ferramentas comunicativas e informativas para acercar a información e “vida” dos estudos de doutoramento á comunidade; a mellora do soporte de xestión aos programas de doutoramento; a posta en marcha de mecanismos adicionais para a identificación e resolución de conflitos; a simplificación dos procesos académicos e administrativos; e o deseño dun programa de mentorización para os nosos estudantes, especialmente para os estranxeiros, por citar algunhas, son cuestións que abordaremos ao longo deste curso coa máxima dilixencia. Pero, evidentemente, para ter o éxito desexado necesitamos da vosa colaboración.

Para finalizar, só quero lembrar-vos unha vez máis que o equipo de dirección e o persoal de administración da EDIUS estamos ao voso servizo para axudarvos en calquera cuestión que poida afectar ao éxito do proceso formativo das doutorandas e doutorandos da Universidade.

Benvidas e benvidos ao curso académico 2023-2024!

Ben
23/24
EDIUS
Vida!

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Nomeamentos e novos cargos da Escola

O Comité de Dirección da EDIUS acordou diversos cambios no desempeño dos cargos e responsables da Escola.

Con efecto xa desde o pasado 1 de setembro, un destes cambios é o nomeamento de **María Isabel Neira Gómez** como nova **secretaria da Escola de Doutoramento**. Até o de agora, Neira Gómez, do Departamento de Economía Cuantitativa e doutora pola universidade compostelá coa tese “Educación y crecimiento mundial estudio econométrico del impacto de capital humano” (1998), era a **coordinadora do Programa de Actividades de Formación en Investigación da EDIUS**, cargo que a partir deste curso vai desenvolver **María del Carmen Sánchez Carreira**, do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago. Sánchez Carreira é doutora en Economía (2006) pola USC coa tese “El papel del sector público empresarial en la innovación. Estudio de la experiencia española en el contexto de la privatización del período 1980-2003”.

Outro dos cambios é o nomeamento de **Eva Rodil Rodríguez** como **subdirectora da sección de Ciencias e Enxeñarías** da Escola de Doutoramento. Rodil Rodríguez, membro do Departamento de Enxeñaría Química da Escola Técnica Superior de Enxeñaría e doutora pola USC coa tese “Termodinámica de mezclas alcohol-éter, destilación extractiva con 1-butanol como agente de separación” (1999), desenvolvía até o pasado curso o cargo de secretaria da EDIUS.

Ademais, Marco Eugenio Vázquez Sentís foi cesado por petición propia como subdirector da sección de Ciencias e Enxeñarías da Escola de Doutoramento Internacional.



María Isabel Neira Gómez

Secretaria da Escola de
Doutoramento da USC



María del Carmen Sánchez

Coordinadora do Programa
de actividades de Formación
en Investigación da EDIUS



Eva Rodil Rodríguez

Subdirectora da sección
de Ciencias e Enxeñarías

[↩ Ir ao sumario](#)



Admisión en programas de doutoramento do curso 2023/2024

O estudiantado de novo acceso que desexe cursar algún programa de doutoramento na USC ten de prazo até o 6 de outubro para formalizar a súa matrícula no primeiro período habilitado pola EDIUS, sempre e cando xa fora admitida a solicitude que tiveron que ter presentado no pasado mes de setembro.

A matrícula dos programas de doutoramento incluírá tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa.

A matrícula destes créditos transversais formalízase xunto coa matrícula de tutela académica ou en calquera momento do curso académico a través da **Secretaría**

Virtual, unha vez autorizada e verificados os créditos.

A partir do mes de febreiro de 2023 (entre os días 1 e 7) abrirase un segundo prazo de admisión de alumnado. As persoas incluídas nas relacións definitivas de admitidos/as neste prazo deberán formalizar a matrícula entre os días 27 e 29 de febreiro.

Os cambios de dedicación hainos que realizar nos períodos ordinarios de matriculación e as baixas temporais poden facerse efectivas durante todo o curso.

Para solicitar información e realizar trámites relacionados coa matrícula pódese contactar co Servizo de Xestión Académica no correo **doutoramento@usc.es** ou nos teléfonos 881 81 45 85 / 881 81 45 97.

Alumnado de novo ingreso

O alumnado que inicie estudos en programas de doutoramento deberá formalizar a matrícula de tutela académica e, no seu caso, dos complementos de formación acordados pola Comisión Académica correspondente no proceso de admisión, a través da Secretaría Virtual, nos prazos e nas condicións que se establezan na Convocatoria xeral de matrícula.

Unha vez matriculado, o alumnado deberá acreditar documentalmente, na Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo, a titulación de acceso indicada na solicitude de admisión mediante certificación oficial orixinal ou compulsada polo organismo expedidor, agás as persoas que indicaran titulacións de acceso ao doutoramento obtidas nesta Universidade.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico, que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula unha vez formalizada a mesma e tras a revisión da documentación académica de acceso achegada polo/a interesado/a no órgano correspondente.

A matrícula considerarase definitiva unha vez comprobado que se reúnen os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos declarados.

Alumnado de continuación

O estudiantado admitido nun programa de doutoramento nun curso académico (tanto na primeira como na segunda convocatoria) deberá renovar a matrícula de tutela académica cada curso académico seguinte a través da Secretaría Virtual até a presentación e defensa da tese.

No caso de que un/unha doutorando/a non realice a matrícula anual nun curso académico, causará baixa definitiva no programa, salvo nos casos por baixa temporal establecidos no Regulamento de estudos de doutoramento da USC.

Estadías

O alumnado doutras Universidades que realice estadías temporais de investigación na USC deberá cubrir unha matrícula específica que se formalizará nas Unidades de Xestión Académica durante o curso académico, coa autorización previa do programa de doutoramento onde realizará a estadía.

 [Ir ao sumario](#)

A **solicitud**, en todo caso, terá que facerse antes do inicio da devandita estadia cubrindo o formulario da solicitud correspondente e entregando os documentos necesarios.

As matrículas serán por períodos dentro do curso académico correspondente e, de abarcar datas de dous cursos diferentes, haberá que realizar dúas matrículas. Unha vez matriculado, o alumnado terá dereito de acceso a todos os servizos da USC.

Deberá abonarse o total da taxa de matrícula de tutela académica se a estancia é de entre 6 meses e un curso completo, o 50 % se a duración é de 3 a 6 meses, e o 25 % de ser inferior a 3 meses. Ademais, deberá realizarse un seguro obrigatorio.

Taxas, exencións e seguro

O prezo da matrícula establécese anualmente nun decreto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

As taxas establecidas para este curso 2023/2024, por **Decreto 73/2019**, son as seguintes:

- Apertura de expediente: **22,31€**
- Expedición, mantemento de **tarxetas de indentidade**: **4,79€**
- **Seguro obrigatorio** de accidentes e asistencia en viaxe: **16€**
- Tutela de tese de doutoramento para estudos regulados polo RD 99/2011:
 - Xeral: **200€**
 - Alumnado estranxeiro de fóra da Unión Europea que non teñan a condición de residentes: **400€**

Poderán aplicarse exencións por familia numerosa, vítimas de actos terroristas, vítimas de violencia de xénero e estudantes con discapacidade dacordo coa normativa sobre taxas vixente cada anualidade.

Calendario de admisión e matrículas dos programas de doutoramento

Inicio de estudos do Programa de Doutoramento	1º período de matrícula	1 - 6 outubro 2023
	Solicitud de admisión 2º período	1 - 7 febreiro 2024
	Publicación relacións provisionarias 2º período	15 febreiro 2024
	Reclamación relacións provisionarias 2º período	16 - 19 febreiro 2023
	Publicación relacións definitivas 2º período	26 febreiro 2024
	2º período de matrícula	27-29 febreiro 2024
CONTINUACIÓN ESTUDOS		1 setembro- 11 outubro

Calendario para desistencia de matrícula, cambios de dedicación e baixas temporais

Desistencia de matrícula	Inicio de estudos do primeiro período e continuación de estudos	Ata o 31 de outubro de 2023
	Estudos do 2º período de matrícula	Ata o 20 de marzo de 2024
Cambio de modalidade de dedicación		Nos períodos ordinarios de matrícula
Baixas temporais		Durante o curso

Programas de doutoramento



Artes e humanidades

Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe

Campus: Lugo

Coord.^a: María Isabel González Rey

Correo de contacto:
pd.estudiosculturais@usc.es

Estudos da Literatura e da Cultura

Campus: Santiago

Coord.^a: María Soledad Pérez-Abadín Barro

Correo de contacto:
pd.literaturaecultura@usc.es

Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura

Campus: Santiago

Coord.^a: Margarita Estévez Saa

Correo de contacto:
pd.estudiosingleses@usc.es

Estudos medievais

Campus: Santiago

Coord.: Israel Sanmartín Barros

Correo de contacto:
pd.estudiosmedievais@usc.es

Filosofía

Campus: Santiago

Coord.: Óscar Horta Álvarez

Correo de contacto:
pd.filosofia@usc.es

Historia Contemporánea

Campus: Santiago

Coord.^a: Margarita Barral Martínez

Correo de contacto:
pd.historiacontemporanea@usc.es

Historia, Xeografía e H.^a da Arte

Campus: Santiago

Coord.: Juan Manuel Monterroso Montero

Correo de contacto:
pd.historiaxeografiaarte@usc.es

Lingüística

Campus: Santiago

Coord.^a: Irene Doval Reixa

Correo de contacto:
pd.linguistica@usc.es

Lóxica e Filosofía da Ciencia

Campus: Santiago

Coord.^a: María De La concepción Martínez Vidal

Correo de contacto:
pd.loxica@usc.es

Protección do Patrimonio Cultural

Campus: Santiago

Coord.^a: Beatriz Loreto Prieto Lamas

Correo de contacto:
pd.proteccionpatrimonio@usc.es

Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia

Campus: Santiago

Coord.: Ángel Ruiz Pérez

Correo de contacto:
pd.textosdaantiguidade@usc.es



Ciencias

Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento

Campus: Santiago

Coord.: Agustín Merino García

Correo de contacto:
pd.agricolas@usc.es

Biodiversidade e Conservación do Medio Natural

Campus: Santiago

Coord.: Jesús Domínguez Conde

Correo de contacto:
pd.biodiversidade@usc.es

Ciencia de Materiais

Campus: Santiago

Coord.: Pablo Taboada Antelo

Correo de contacto:
pd.materiais@usc.es

Ciencia e Tecnoloxía Química

Campus: Santiago

Coord.^a: María Del Rosario Rodil Rodríguez

Correo de contacto:
pd.quimica@usc.es

Ciencias Agrícolas e Medioambientais

Campus: Lugo

Coord.: Agustín Merino García

Correo de contacto:
pd.agricolas@usc.es

Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión

Campus: Santiago

Coord.^a: María Luz Pérez-Paralle Mera

Correo de contacto:
pd.mar@usc.es

Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética

Campus: Santiago

Coord.^a: Pastora Bello Bugallo

Correo de contacto:
pd.enerxiasrenovables@usc.es

Estatística e Investigación Operativa

Campus: Santiago

Coord.: Alberto Rodríguez Casal

Correo de contacto:
pd.estadisticaeio@usc.es

Física Nuclear e de Partículas

Campus: Santiago

Coord.: Héctor Álvarez Pol

Correo de contacto:
pd.nuclearyparticulas@usc.es

Láser, Fotónica e Visión

Campus: Santiago

Coord.: Jesús Liñares Beiras

Correo de contacto:
pd.laserfotonica@usc.es

Matemáticas

Campus: Santiago

Coord.: Jesús Antonio Álvarez López

Correo de contacto:
pd.matematicas@usc.es

Matemáticas e Aplicacións

CAMPUS: Santiago

Coord.: Manuel Eulogio Ladra González

Correo de contacto:
pd.matematicaseaplicacions@usc.es

Medio Ambiente e Recursos Naturais

Campus: Santiago

Coord.: José Ángel Fernández Escribano

Correo de contacto:
pd.medioambiente@usc.es



Ciencias da saúde

Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses

Campus: Santiago

Coord.^a: María Jesús Taber-
nero Duque

Correo de contacto:
pd.forense@usc.es

Avances en Bioloxía Micro- biana e Parasitaria

Campus: Santiago

Coord.^a: María Alicia Carolina
Estévez Toranzo

Correo de contacto: [pd.micro-
bioloxiaparasitologia@usc.es](mailto:pd.microbioloxiaparasitologia@usc.es)

Ciencias da Visión

Campus: Santiago

Coord.^a: María Teresa Rodrí-
guez Ares

Correo electrónico:
pd.vision@usc.es

Ciencias Odontolóxicas

Campus: Santiago

Coord.: Benjamín José Martín
Biedma

Correo de contacto:
pd.odontologia@usc.es

Endocrinoloxía

Campus: Santiago

Coord.: Román Pérez Fernández

Correo de contacto:
pd.endocrinologia@usc.es

Epidemioloxía e Saúde Pública

Campus: Santiago

Coord.: Agustín Montes Martínez

Correo de contacto:
pd.epidemiologia@usc.es

Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias

Campus: Santiago de Compostela

Coord.^a: Cristina Asunción
Fente Sampayo

Correo de contacto:
pd.alimentarias@usc.es

Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

Campus: Lugo

Coord.: José Manuel Cifuentes
Martínez

Correo de contacto:
pd.veterinaria@usc.es

Investigación Clínica en Medicina

Campus: Santiago

Coord.^a: María Rosaura Leis
Trabazo

Correo de contacto:
pd.clinicamedicina@usc.es

Investigación e Desenvolve- mento dos Medicamentos

Campus: Santiago

Coord.^a: María Dolores Ramona
Torres López

Correo de contacto:
pd.medicamentos@usc.es

Medicina e Sanidade Veterinaria

Campus: Lugo

Coord.: Ceferino Manuel López
Sandez

Correo de contacto:
pd.medicinaveterinaria@usc.es

Medicina Molecular

Campus: Santiago

Coord.: Julio Manuel Maside
Rodríguez

Correo de contacto:
pd.medicinamolecular@usc.es

Neurociencia e Psicoloxía Clínica

Campus: Santiago

Coord.^a: Jannette Rodríguez
Pallares

Correo de contacto:
pd.neurociencia@usc.es



Ciencias sociais e xuridicas

Análise Económica e Estratexia Empresarial

Campus: Santiago

Coord.^a: María Luz Loureiro García

Correo de contacto:
pd.analiseeconomica@usc.es

Ciencias Sociais e Envellecemento

Campus: Lugo

Coord.: Roberto Bande Ramudo

Correo de contacto:
pd.ccsociasenvellecemento@usc.es

Comunicación e Información Contemporánea

Campus: Santiago

Coord.: José Soengas Pérez

Correo de contacto:
pd.comunicacion@usc.es

Dereito

Campus: Santiago

Coord.: Luis Míguez Macho

Correo de contacto:
pd.dereito@usc.es

Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde

Campus: Santiago

Coord.: Arturo José Pereiro Rozas

Correo de contacto:
pd.dpas@usc.es

Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

Campus: Santiago

Coord.: Melchor Fernández Fdez.

Correo de contacto:
pd.drie@usc.es

Didáctica das Ciencias Experimentais

Campus: Santiago

Coord.^a: Isabel García-Rodeja Gayoso

Correo de contacto:
pd.didacticaciencias@usc.es

Economía e Empresa

Campus: Santiago

Coord.^a: María del Carmen Sánchez Carreira

Correo de contacto:
pd.economiaeempresa@usc.es

Educación

Campus: Santiago

Coord.^a: Ana María Porto Castro

Correo de contacto:
pd.educacion@usc.es

Equidade e Innovación en Educación

Campus: Santiago

Coord.: José Felipe Trillo Alonso

Correo de contacto:
pd.equidade@usc.es

Márketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas

Campus: Santiago

Coord.^a: M^a Nieves Lagares Diez

Correo de contacto:
pd.marketingpolitico@usc.es

Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Campus: Santiago

Coord.^a: Isabel Fraga Carou

Correo de contacto:
pd.procesospsicologicos@usc.es

Psicoloxía do Traballo e as Organizacións Xurídica Forense e do Consumidor e Usuario

Campus: Santiago

Coord.^a: María Dolores Seijo Martínez

Correo de contacto:
pd.psicoloxiadotraballo@usc.es

Relacións Laborais e Recursos Humanos

Campus: Santiago

Coord.: Jesús Fernando Salgado Velo

Correo de contacto:
pd.relaboraleshumanos@usc.es

Turismo

Campus: Santiago

Coord.: Xosé Manuel Santos Solla

Correo de contacto:
xosemanuel.santos@usc.es



[Ir a la web](#)

Enxeñaría Termodinámica de Flúidos

Campus: Santiago

Coord.^a: Enriqueta Lopez Iglesias

Correo de contacto:
pd.termodinamica@usc.es

Investigación Agraria e Forestal

Campus: Lugo

Coord.^a: María Rosa Mosquera Losada

Correo de contacto:
pd.agrariaeforestal@usc.es

Investigación en Tecnoloxías da Información

Campus: Santiago

Coord.: Anselmo Tomás Fernández Pena

Correo de contacto:
pd.tic@usc.es

Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

Campus: Santiago

Coord.^a: Peregrina Quintela Estévez

Correo de contacto:
pd.simulacionnumerica@usc.es

Enxeñaría e arquitectura

Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil

Campus: Lugo

Coord.: Jorge Dafonte Dafonte

Correo de contacto:
pd.desenvolvementoruralecivil@usc.es

Enxeñaría Química e Ambiental

Campus: Santiago

Coord.^a: Eva Rodil Rodriguez

Correo de contacto:
pd.enxenariaquimica@usc.es

EDIUS NOVAS

Oferta de prazas dos programas de doutamento da EDIUS

A Escola ampliou a súa oferta ao incorporar novos programas de doutoramento.

A Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) oferta para este curso académico un total de 57 programas de doutoramento. No curso 2022/23 se ofertarons tres novos PDs, **Matemáticas e Aplicacións**, **Ciencias Sociais e Envellecemento e Relacións Laborais e Recursos Humanos**. Neste curso, a escola amplía a súa oferta ao incorporar un novo programa de doctoramiento, **Didáctica das Ciencias Experimentais**.

Incluídos estes novos PD, neste curso, a EDIUS ofrece un total de 853 prazas distribuídas en 57 programas de doutoramento (11 de Artes e Humanidades, 13 de Ciencias, 13 de Ciencias da Saúde, 15 de Ciencias Sociais e Xurídicas e 6 de Enxeñaría e Arquitectura).

Código	Programa Doutoramento 2023/2014	Prazas
E1011V01	Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	10
E1021V01	Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	9
E1031V01	Ciencia e Tecnoloxía Química	50
E1041V01	Ciencia de Materiais	20
E1051V01	Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	15
E1061V01	Estatística e Investigación Operativa	8
E1071V01	Física Nuclear e de Partículas	30
E1081V01	Láser, Fotónica e Visión	6
E1091V01	Matemáticas	10
E1101V01	Medio Ambiente e Recursos Naturais	20

 [Ir ao sumario](#)

Código	Programa Doutoramento 2023/2014	Prazas
E1113V01	Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento	10
E1121V01	Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	10
E1131V01	Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións	9
E2011V01	Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	10
E2021V01	Ciencias Odontolóxicas	17
E2031V01	Endocrinoloxía	15
E2041V01	Epidemioloxía e Saúde Pública	15
E2051V01	Innovacion en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	15
E2061V01	Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	12
E2071V01	Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	28
E2081V01	Investigación Clínica en Medicina	40
E2091V01	Medicina e Sanidade Veterinaria	16
E2101V01	Medicina Molecular	40
E2111V01	Neurociencia e Psicoloxía Clínica	18
E2132V01	Ciencias da Visión	6
E3011V01	Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	10
E3021V01	Comunicación e Información Contemporánea	15
E3031V01	Dereito	15
E3041V01	Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	10
E3051V01	Economía e Empresa	20
E3061V01	Educación	20
E3071V01	Equidade e Innovación en Educación	12
E3081V01	Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	22
E3091V01	Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	10

Código	Programa Doutoramento 2023/2014	Prazas
E3101V01	Análise Económica e Estratexia Empresarial	12
E3111V01	Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde	12
E3121V01	Turismo	10
E3131V01	Ciencias Sociais e Envellecemento	4
E3141V01	Relacións Laborais e Recursos Humanos	10
E3151V01	Didáctica das Ciencias Experimentais	6
E4011V01	Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	13
E4021V01	Enxeñaría Química e Ambiental	15
E4031V01	Investigación Agraria e Forestal	20
E4041V01	Investigación en Tecnoloxías da Información	20
E4051V01	Enxeñaría Termodinámica de Fluídos	2
E4061V01	Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	9
E5011V01	Estudos da Literatura e da Cultura	15
E5021V01	Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	14
E5031V01	Estudos Medievais	13
E5041V01	Filosofía	12
E5051V01	Historia Contemporánea	20
E5061V01	Historia, Xeografía e Historia da Arte	30
E5071V01	Lingüística	12
E5081V01	Lóxica e Filosofía da Ciencia	6
E5091V01	Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	6
E5101V01	Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	14
E5121V01	Protección do Patrimonio Cultural	5

EDIUS NOVAS

Calendario seguimento e avaliación anual no doutoramento curso 2023/2024

A asignación do director ou directora de tese deberá realizarse sempre despois de ter formalizada a matrícula e sempre antes de tres meses

Neste curso académico, o PD terá como prazo máximo para a asignación de polo menos un director de tese:

- 8 de xaneiro de 2024, para os estudantes de doutoramento matriculados na primeira convocatoria.
- 30 de maio de 2024, para os estudantes de doutoramento matriculados na segunda convocatoria.

Plan de investigación

Os doutorandos e doutorandas matriculados por primeira vez no curso 2023/2024 teñen o seguinte prazo límite para presentar a través da súa Secretaria Virtual o seu Plan de investigación:

- 8 de abril de 2024, para as persoas doutorandas matriculadas na primeira convocatoria.
- 31 de xullo de 2024, para as matriculacións na segunda convocatoria.

Para a incorporación de actividades no documento de actividades correspondentes ao curso 2023/2024, o prazo límite para todos os doutorandos e doutorandas será o 30 de xuño de 2024.

Calendario avaliación anual curso 2023/2024

Os prazos para realizar os informes anuais (Perfís Autorizados e CAPD) serán establecidos por cada Programa de Doutoramento, tendo en conta que, en todo caso, deben estar realizados antes do 30 de setembro de 2024.

O prazo para que o alumno ou a alumna formule alegacións será de 10 días hábiles desde a emisión do Informe de avaliación anual. As alegacións remitiranse ao Programa de Doutoramento.

É requisito indispensable para realizar a avaliación anual ter o Plan de investigación aprobado.

O feito de non presentar o Plan de investigación no prazo supón a baixa no programa de doutoramento.

Ter dous informes anuais desfavorables consecutivos leva consigo a baixa no programa. Hai que aclarar que os doutorandos e doutorandas que tiveran avaliación anual negativa no curso 2022/2023, e teñan de novo avaliación negativa no curso 2023/2024, causarán baixa no programa. As persoas doutorandas que teñan avaliación negativa por primeira vez no curso que acaba de comezar serán novamente avaliadas no vindeiro curso 2024/2025 nas datas que se determinen. De ser esta nova avaliación negativa, causarán baixa no programa.

 [Ir ao sumario](#)



Miguel Vázquez López

Membro do Comité de Dirección da EDIUS Sección de Ciencias e Enxeñarías.

OPINIÓN

Compromiso, rigor e sensibilidade

Formar parte do comité executivo da EDIUS está sendo unha experiencia de aprendizaxe moi enriquecedora que me está permitindo tomar consciencia da importancia e da dificultade de organizar e resumir en palabras o traballo de 3-4 anos de investigación. Unha tese de doutoramento é o resultado dunha investigación orixinal e rigorosa na que participan moitas persoas e que aporta un avance significativo ao coñecemento científico ou académico dunha disciplina. Escribir unha tese, polo tanto, require dunha planificación coidadosa, dunha revisión exhaustiva da bibliografía, dunha metodoloxía adecuada, dunha análise crítica dos datos e dunha redacción clara e coherente. Por todo isto, non se trata dun proceso sinxelo.

Por outra parte, ao formar parte deste comité, teño a oportunidade de coñecer o traballo doutros investigadores e investigadoras, tanto na miña propia área como noutras relacionadas ou complementarias. Isto supón un reto intelectual, xa que implica estar ao día das últimas tendencias e aportacións en diversas áreas científicas, así como poder valorar a orixinalidade, relevancia e solvencia das investigacións presentadas.

Creo, ademais, que formar parte desta comisión implica tamén asumir unha responsabilidade ética e social, xa que desde ela contribuímos dalgunha maneira a garantir a excelencia académica e científica das teses de doutoramento, así como a orientar e apoiar aos doutorandos/as no seu proceso de formación. Esta é, polo tanto, unha tarefa que require compromiso, rigor e sensibilidade, e que ofrece a posibilidade de aprender tanto dos acertos como dos erros propios e alleos.

En definitiva, considero que formar parte desta comisión está sendo unha inesperada forma de enriquecerme profesional e persoalmente, xa que me está permitindo adquirir novas competencias, ampliar os meus horizontes e establecer vínculos con outros investigadores e investigadoras.

«Escribir unha tese, polo tanto, require dunha planificación coidadosa, dunha revisión exhaustiva da bibliografía, dunha metodoloxía adecuada, dunha análise crítica dos datos e dunha redacción clara e coherente»

EDIUS NOVAS

Convocados os premios extraordinarios de Doutoramento 2021-2022

Os premios extraordinarios corresponden ao curso 2021/2022

A Universidade de Santiago de Compostela convoca os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso 2021/2022, por acordo da Comisión Executiva da EDIUS do pasado 7 de setembro. Son destinatarios os estudantes de doutoramento cuxa tese fose defendida na USC no curso académico 2021/2022, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2021 ao 31 de agosto de 2022.

No Taboleiro electrónico da USC pódese atopar a **normativa** pola que se rexe a concesión dos premios neste ano, a convocatoria, o Anexo I coas teses que optan ao premio e o Anexo II cos criterios de valoración.

A edición deste ano incluíu un cambio de procedemento en relación ás edicións anteriores, en función do cal se abre un prazo de alegacións á lista de teses candidatas a premio e aos datos consignados nesa lista previo ao prazo de presentación de solicitudes. O prazo foi entre o 13 e o 19 de setembro.

Os requisitos para concorrer a esta convocatoria son, en relación coa tese defendida:

- Que fose cualificada polo tribunal como “sobresaliente”.
- Que se lle outorgase a mención Cum Laude.
- Que a suma da puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal, dividida entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta por 4, sexa igual ou superior a 12 puntos.

Os/as solicitantes poderán optar ao premio extraordinario nunha das catro grandes áreas de coñecemento: Ciencias e Enxeñarías, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Artes e Humanidades.

O número de premios a conceder nesta convocatoria é de 35 posibles premios, distribuídos polas catro grandes áreas e correspondentes subáreas.

As solicitudes, xunto coa documentación xustificativa asociada, dirixiranse ao director da Escola de Doutoramento Internacional da USC e presentaranse a través da sede electrónica da USC **no formulario establecido ao efecto**.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a EDIUS publicará a relación de candidatos/as presentados/as, xunto coa asignación de grande área e subárea correspondentes no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC e na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio.

Calquera dúbida ou consulta sobre o procedemento débese realizar por correo electrónico, indicando a grande área de coñecemento correspondente ao enderezo da EDIUS edius@usc.es.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Andrea Cascallar, premio EUSFLAT 2022 á mellor tese de Europa polo seu traballo doutoral na USC



A investigadora egresada do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC (CiTIUS), Andrea Cascallar Fuentes, acaba de ser distinguida co premio á mellor tese do ano a nivel europeo, que concede anualmente a Sociedade Europea de Lóxica Difusa e Tecnoloxía (EUSFLAT, polas súas siglas en inglés) e que avala o extraordinario labor da científica ao longo da súa etapa predoutoral, concluída en 2022 coa defensa pública do seu traballo. “Ser a primeira muller do Estado premiada é un gran orgullo para min, porque pode servir de inspiración para que outras mozas dean o paso de investigar en Intelixencia artificial”, afirmou Andrea Cascallar Fuentes. Este é tamén un recoñecemento ao labor formativo do CiTIUS, que por segunda vez celebra a concesión deste galardón a un membro egresado xa que Alejandro Ramos, codirector da tese de Andrea xunto co investigador do CiTIUS Alberto Bugarín, recolleu o mesmo premio en Varsovia no ano 2016.

No seu traballo, Andrea Cascallar abordou o desafío científico de modelar a imprecisión na linguaxe, hibridando as “Protoformas cuantificadas difusas” coa “Xeración de Linguaxe Natural” (NLG) e, máis concretamente, cos sistemas D2T ou “Datos a texto” (Data-To-Text). Un ámbito clave da Intelixencia Artificial (IA) que facilita a comunicación entre humanos e máquinas, ao “traducir” a información contida nos datos (moitas veces, inintelixible), á linguaxe natural empregada polas persoas, que con moita frecuencia utiliza termos imprecisos.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Premio Cátedra de Humanización da Asistencia para unha tese da USC

A Cátedra de Humanización da Asistencia Sanitaria da **Fundación ASISA, Proxecto HU-CI e a Universidad Internacional de Valencia – VIU** deu a coñecer a principios deste verán os gañadores da segunda edición dos seus premios anuais chamados Premios Cátedra de Humanización da Asistencia Sanitaria.

O gañador do premio a Mellor Tese de Doutoramento este ano foi Emilio Rodríguez Ruiz, do Programa de Doutoramento en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses da USC. A tese premiada leva por título “Humanisation in intensive care. Ethical considerations in managing critically ill patients: modes of death, family perceptions and moral distress among healthcare professionals”.

Trátase dunha tese por compendio de publicacións en revistas de alto impacto que inclúe desde un estudo lonxitudinal centrado no final de vida dos pacientes de UCI á adaptación e validación de instrumentos clave para a análise do benestar dos familiares en UCI e do posible distrés moral nos profesionais, atendendo así ás tres áreas clave de humanización asistencial (paciente, familia e profesionais).



A Cátedra de Humanización da Asistencia Sanitaria, a primeira do seu tipo en España, naceu a finais de 2020, en plena pandemia pola COVID 19. A Cátedra ten como obxectivo a promoción da docencia, a investigación e a divulgación no ámbito da humanización da sanidade, á vez que busca establecer as pontes necesarias entre as institucións académicas, sociais e empresariais para lograr un impacto positivo na humanización sanitaria en todos os seus ámbitos.

O CFP lanza un programa de formación docente e acollida para o profesorado axudante doutor de novo ingreso

A USC convoca para este curso 2023-2024 a primeira edición do **programa de formación de acollida e formación docente inicial** dirixido ao profesorado axudante doutor incorporado para este novo curso.

O Centro de Formación de Persoal (CFP) organiza esta actividade para desenvolver as capacidades e competencias docentes do profesorado novel, facilitar a súa integración na USC e dar a coñecer os principios e valores públicos da Universidade.

O programa ten unha carga lectiva global de 126 horas que se desenvolverán entre os meses de outubro e xuño. A actividade consta de cursos de autoformación, de carácter transversal, a través da Aula Virtual da USC e mais de cursos (tele) presenciais, de formación en competencias docentes. Estes últimos terán como mínimo dúas edicións, en decembro-xaneiro e en maio-xuño, para facilitar a asistencia. Os cursos presenciais desenvolveranse tanto en Santiago de Compostela como en Lugo; e os telepresenciais, a través da aplicación corporativa Teams. **Máis información.**

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A investigadora María Vivero e o investigador Xián Farto do iMATUS gañan o Julia Polak European Doctorate Award

María Vivero López e Xián Farto Vaamonde, pertencentes ao grupo I+DFarma e adscritos ao Instituto de Materiais da USC (iMATUS), acaban de recibir o premio europeo de doutoramento Julia Polak no transcurso da edición número 33 do Congreso Anual da Sociedade Europea de Biomateriais que se desenvolveu en Davos, Suíza. O galardón reconece aquelas teses de doutoramento que acreditan un alto nivel de formación do investigador/a no eido dos biomateriais e a enxeñaría de tecidos e que teñan xerado resultados científicos publicados en revistas de elevado índice de impacto.

Ambas as teses foron levadas a cabo ao abeiro de axudas predoutorais da Xunta de Galicia baixo a dirección de Carmen Álvarez Lorenzo e Ángel Concheiro Nine, da Facultade de Farmacia e do iMATUS da USC. A tese de María Vivero López centrouse no desenvolvemento de técnicas para cargar substancias activas en produtos sanitarios. A tese de Xián Farto Vaamonde centrouse, pola súa parte, na impresión 3D de *scaffolds* (estruturas de soporte) para a rexeneración de tecidos.



[↩ Ir ao sumario](#)

O programa ICARUS impulsa o voo de seis teses «impacto positivo social e medioambiental»



A primeira edición desta iniciativa reconece a aplicación social e económica de traballos fin de grao, fin de mestrado e teses de doutoramento. En total repartíronse 8.100 euros, distribuídos en doce premios. No caso das teses, os galardóns consistiron nun primeiro premio de 1.000 euros e nun segundo de 500 en cada unha das seguintes áreas: Artes Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas; Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura; e Ciencias da Saúde.

Na categoría de teses no eido das Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, os traballos premiados foron “A integración da tecnoloxía de computación na nube no proceso de ensino-aprendizaxe: O proxecto RuralSchoolCloud” de María José Rodríguez Malmierca (primeiro premio) e “Domesticando corpos femininos no franquismo (1939-1975): a (re)moderación da feminidade normativa e a súa encarnación sartorial na transición dos cincuenta” de Uxía Otero González (segundo premio).


Óscar Pereira Rial con “Ultra-low power CMOS circuit design for energy harvesting applications” (primeiro premio) e Emilio Fernando García García con “Presentación e análise de viabilidade dunha nova tipoloxía de peirao: o pilote-lámina” (segundo premio) foron as teses distinguidas na categoría de Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura.

Na modalidade de teses pertencentes ao eido das ciencias da saúde, Yolanda Torres Corral obtivo o primeiro premio con “Diagnóstico, prevención e control de enfermidades emerxentes e reemerxentes en acuicultura”. Na mesma categoría, o segundo premio recaeu en Alba Regueira Iglesias polo traballo titulado “O microbioma oral como ferramenta de diagnóstico de precisión das enfermidades periodontais”. [Máis información.](#)

EDIUS ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DE VERÁN

O valor público dos medios do servizo público no contexto das plataformas dixitais

A EDIUS estreou este curso coa Escola de Doutoramento Internacional de Verán *‘The values of the commons in the digital society’*.



A EDIUS estreou este seminario que se levou a cabo na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago entre os días 20 e 22 de setembro e que se concibiu como un espazo aberto á aprendizaxe, á reflexión e ao debate para enriquecer a formación do alumnado de doutoramento na área das Ciencias Sociais en xeral, e na de Ciencias da Comunicación en particular.

A temática central do curso é o valor público dos medios de comunicación do servizo público no marco europeo e no contexto das plataformas dixitais (investigación, relevancia e crisis). A dinámica do curso combinou leccións maxistras con expertos e expertas en servizo público, con sesións prácticas nas que os participantes presentarán os seus proxectos de investigación ante compañeiros/as e expertos/as.

Ao longo de tres xornadas, as persoas asistentes puideron escoitar as reflexións de expertos/as chegados de diferentes universidades e televisións públicas. Ademais, o primeiro día celebrouse unha cerimonia en homenaxe ao profesor e investigador Bernard Miège, da Université Grenoble-Alpes. Despois da entrega dun diploma, Miège ofreceu unha conferencia para falar do “Impacto da dixitalización no espazo público na sociedade contemporánea”.

Ademais do estudoso francés, tamén faláron Senén Barro Ameneiro (Universidade de Santiago de Compostela), Madiana Asseraf-Jacob (European Broadcasting Union), Paulo Faustino (Universidade do Porto), Carles Llorens (Universitat Autònoma de Barcelona), Carlos Arcila Calderón (Universidad de Salamanca), Javier Mosquera Góñez (Destino Bergen), Gregg Young (Vlaamse Radio- en Televisieomroeporganisatie, VRT), Wesa Apro (Yleisradio, Yle), Xosé Pereira Fariña (CRTVG + Universidade de Santiago de Compostela), Ruth de Frutos (Universidad de Málaga), Ignacio Gómez (RTVE), Ana María López Cepeda (Universidad de Castilla-La Mancha), Olga Blasco Blasco (Universitat de València) e Javier Marzal Felici (Universitat Jaume I).

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DE VERÁN

Bernard Miège: «As *fake news* non son novas nin xorden coa dixitalización, aínda que si as amplifica»



O estudoso foi homenaxeado pola súa carreira académica e investigadora.

Bernard Miège, nado en 1941 en Annecy (Francia), é académico e investigador teórico sobre as industrias culturais e creativas, medios e tecnoloxías da información e a comunicación na sociedade e no espazo público. Na actualidade, é profesor emérito de Ciencias da Información e a Comunicación na Université de Grenoble-Alpes, membro do ‘Groupe de Recherche sur les Enjeux de la Communication’ (GRESEC) e foi presidente da Université Stendhal-Grenoble III de Francia; doutor en Economía da Université de París I Sorbonne e de Humanidades da Université de Burdeos III.

O día 22 de setembro, Miège recibiu unha homenaxe na USC polo seu labor académico e investigador. Na súa intervención nun acto na Facultade de Ciencias da Comunicación, afirmou que a súa actividade “aínda non rematou e agardo poder seguir traballando”.

Nunha conferencia posterior sobre o impacto da dixitalización na sociedade contemporánea, Miège recordou que foi hai 30 anos cando se empezou a falar das novas perspectivas da dixitalización e asegurou que calquera fenómeno comunicativo debe ser considerado como un fenómeno histórico.

O investigador fixo referencia ás *fake news*, das que dixo que “non son novas nin xorden coa dixitalización” aínda que si recoñeceu que se “amplifican” coa chegada de internet e das novas tecnoloxías.

[↩ Ir ao sumario](#)

Bernard Miège tamén falou do impacto que a pandemia pola Covid-19 tivo no “espazo público”. En primeiro lugar, dixo que trouxo cambios moi importantes e “marcou aos países”. O académico explicou que a pandemia orixinou que a comunicación política e gubernamental diaria fose “premiamente” durante esta etapa. Isto, ao seu entender, significou que a comunicación pública se fixera de forma “unidireccional” pola situación de emerxencia e reconeceu que seguramente non se podía facer doutra maneira. No caso de España, Miège dixo que se producira unha certa confusión entre o espazo sanitario e o científico: “Cando os profesionais da medicina daban unha opinión non estaba claro se o facían como persoal científico ou médico”, asegurou.

Espazo público

Bernard Miège explicou tamén o concepto de *espazo público*, que vai máis alá dos medios de comunicación. O investigador falou dos medios tradicionais que el prefire denominar “históricos”. Sobre estes medios dixo que seguían a ser “fundamentais e gran parte deles xa están dixitalizados”.

“O futuro é incerto, brumoso e vemos a instauración da vixilancia, o seguimento e que imos pasar a estar permanentemente controlados”, sentenciou Miège. Ao respecto, dixo que a primeira forma de control foi cos censos e que agora se fai a través das redes sociais ou da intelixencia artificial. “O futuro do espazo público depende de colectivos mediatizados. Se non son autónomos e se deixan influenciar pola mediación política empezarán os problemas”, afirmou. Por iso, o académico considera “fundamental” regular, limitar e encadrar as accións das *Big Tech*, en relación ás empresas de tecnoloxía da información máis dominantes. Segundo reconece, Google “representa a lei da xungla sen unha regulamentación que o enmarque”.



EDIUS ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DE VERÁN




Como parte do programa da Escola de Doutoramento Internacional de Verán, levouse a cabo unha masterclass e un panel de discusión sobre o ‘Uso de datos, intelixencia artificial e metaverso no servizo audiovisual público’.

As tecnoloxías disruptivas propoñen un novo escenario dixital audiovisual. A irrupción do Metaverso provocou un cambio no paradigma do escenario dixital que coñecíamos até o de agora. Este novo fenómeno tecnolóxico, social e comunicativo comeza a ter cabida nos medios de servizo público como un novo espazo de comunicación, interacción coa audiencia, promoción e difusión de contidos, có potencial de sumarse á oferta audiovisual das corporacións e alcanzar aos usuarios mais mozos. Pero, que ocorre no eido da investigación? Falamos con profesionais vellellados á investigación e á docencia para que nos contasen as súas impresións.

🕒 **01 Hai espazo no metaverso para a investigación?**

🕒 **02 Que cousas pensades que se poderían desenvolver?**

↩ **Ir ao sumario**



Senén Barro Ameneiro

Director CiTIUS-Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes

01. O metaverso é un mundo virtual no que a realidade e a virtualidade atópanse mesturadas nun mundo común en tres dimensións. Neste momento é un intento fallido para Meta, o seu principal impulsor e inversor, pero seguro que o investimento feito non será en balde, xa que axudará a abrir liñas de investigación e a acelerar outras. As razóns do fracaso son múltiples, pero unha delas é a falta de madurez tecnolóxica, en particular na realidade virtual e aumentada, e nos recursos computacionais aínda insuficientes.

02. Son moitos os retos e todos eles superarán grandes avances en investigación. Por citar algúns: sensorización, IoT, aumento da capacidade de cómputo e distribución da mesma, construción dunha realidade virtual en tres dimensións da que as persoas formaremos parte, ciberseguridade, privacidade... En fin, que os mundos virtuais non son sinxelos de desenvolver cando se quere que se aproximen ao real.




José Manuel Cifuentes Mtnéz.

Coordinador PD en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

01. É un espazo prometedor, onde os investigadores e investigadoras poden aproveitar as capacidades virtuais para ampliar os límites do coñecemento e facer avances significativos. Non obstante, é importante ter en conta que, como calquera outro entorno novidoso, tamén presenta desafíos e consideración éticas que se deben ter en conta.

02. Poderíase colaborar e compartir coñecemento de maneira eficiente e por enriba de barreiras xeográficas e temporais. Ademais a posibilidade de crear entornos personalizados e controlados permitiría realizar experimentos e simulacións de maneira segura e económica.

EDIUS ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DE VERÁN



Sara Pérez Seijo

Profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación

01. O metaverso é un espazo virtual tridimensional onde as persoas poden crear contido, interactuar e participar en experiencias dixitais. Deste xeito, e como posibilitaron outros soportes ou plataformas con anterioridade, o metaverso tamén podería empregarse no ámbito da investigación científica para levar a cabo distintas actividades virtuais. Con todo, hai que ser realistas: o seu desenvolvemento aínda se atopa nun estadio incipiente.

02. Entre as posibilidades que abre ou podería abrir o metaverso para a investigación científica podemos citar a reprodución de laboratorios de investigación, a simulación de experimentos ou mesmo de fenómenos naturais, a creación de aulas educativas ou outros espazos de colaboración ou, xa desde a óptica das Ciencias Sociais, o estudo do comportamento humano en contornas virtuais.



01 Hai espazo no metaverso para a investigación?

02 Que cousas pensades que se poderían desenvolver?



Beatriz Gutiérrez Caneda


Investigadora predoutoral. Membro do grupo de investigación Novos Medios

01. A idea de metaverso como un mundo virtual no que se poida “vivir” segue a ser só unha idea. Porén, xa existen outras iniciativas, diferentes “metaversos” máis pequenos e limitados, nos que podemos ver oportunidades para a investigación.

02. Estes “metaversos” ofrecen un espazo que, precisamente por non ser físico, pode resultar máis barato, accesible e incluso seguro. Para o ámbito da investigación ofrece moitas opcións, como a posibilidade de realizar experimentos potencialmente perigosos nun entorno virtual mediante un simulador.



[↩ Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades Outubro 2023

Utilización de Python para a creación de modelos de clasificación e regresión

Xoves 05 de Outubro de 2023 de 9:30 h-12:30 h; Venres 06 de Outubro de 2023 de 9:30 h-12:30 h; Luns 09 de Outubro de 2023 de 9:30 h-11:30h
Aula A4 da ETSE

Matrícula: do 27 de setembro ao 3 de outubro de 2023

Horario: de 9:30 a 12:30h

Programación de análises empíricas con R (curso só para os que teñan feito antes cursos sobre R e queiran investir horas para afondar)

19, 23 e 26 de outubro de 2023
Actividade ONLINE, usando Microsoft TEAMS

Matrícula: do 4 ao 11 de outubro de 2023

Horario: de 10:00 a 11:30h

 [Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



**Carmela
Sánchez Carreira**

Profesora e doutora en Economía Aplicada na USC é responsable da división de Formación da Escola de Doutoramento da USC.

Carmela Sánchez Carreira, nova responsable de Formación da Escola de Doutoramento Internacional da USC

«Debemos preparar ao alumnado para facilitarlle o proceso de elaboración das teses e para a súa futura carreira»

Carmela Sánchez Carreira, profesora e doutora en Economía Aplicada na USC, é desde o mes de setembro a responsable da división de Formación da Escola de Doutoramento. Asume este novo reto como unha oportunidade para continuar mellorando a preparación do alumnado da EDIUS e permitirilles afrontar con éxito a elaboración da tese e darlle as ferramentas necesarias para a súa futura carreira. Sánchez Carreira fálanos das principais novidades para este curso así como das fortalezas e debilidades da EDIUS.

Este curso arranca contigo como nova coordinadora de Formación da EDIUS. Con que propósito comezas esta nova andaina?

Iniciamos a andaina con moita ilusión partindo da oferta existente e co propósito de construír colaborativamente unha oferta formativa avanzada, de calidade e adaptada ás distintas etapas do doutoramento e aos retos do contexto actual.

Que obxectivos se buscan coas actividades de formación que se ofertan na Escola de Doutoramento?

Debe prepararse ao alumnado para facilitarlle o proceso de elaboración das teses e a preparación da súa futura carreira. Tamén se pretende fomentar a creación e transferencia de coñecemento nun contexto complexo e volátil. Para acadar eses obxectivos, é necesario contar con todos os actores involucrados no doutoramento e considerar as súas necesidades.

O curso pasado, os doutorandos e doutorandas tiveron á súa disposición máis de 50 actividades e máis de 500 horas de formación complementaria en todos os eidos e totalmente de balde. Como vai ser este ano?

As actividades de formación da EDIUS teñen unha oferta ampla e unha traxectoria consolidada, combinando actividades transversais con outras dirixidas especificamente a algunha das grandes áreas de coñecemento. A

[↩ Ir ao sumario](#)

«Outro aspecto no que queremos avanzar é no deseño de actividades dirixidas a titores/as e directores/as de teses»

idea é manter a oferta do curso pasado, incluíndo algúns cursos novos e ampliando os contidos dalgúns módulos. Queremos mellorar e ampliar a oferta. Algún curso con elevada demanda, como o de competencias informacionais, ofertarase nos dous semestres. E, por suposto, estamos abertos a recibir as propostas dos distintos grupos da comunidade universitaria. Por exemplo, temos prevista unhas xornadas sobre cultura laboral na investigación proposta pola Asemblea de Investigadoras de Compostela, Investigal e outras entidades e que se coordina con outras actividades realizadas noutras universidades españolas.

Seguirán sendo actividades de balde?

As actividades formativas que organiza a EDIUS teñen carácter gratuíto para todo o alumnado. Os seus custos asúmeos a EDIUS. En moitos casos a propia USC achega os recursos humanos necesarios para impartir as actividades. Por iso, pedimos responsabilidade na matrícula e que, se finalmente non poden asistir, o comuniquen coa maior antelación posible para que outras persoas interesadas poidan asistir. Tamén é importante revisar o idioma no que se realizan as distintas actividades. Como a oferta formativa é ampla e variada e o tempo limitado para realizar unha tese de calidade, é importante planificar ben os cursos que se van realizar. Por iso, aconsellamos que seleccionen os cursos do seu interese de acordo cos seus directores e directoras de tese. Nas actividades realizadas emítese un certificado,

sempre que se superen segundo os criterios establecidos.

A EDIUS comezou o ano pasado a explorar unha nova fórmula para co-crear actividades que resultaran de interese e requirisen a implicación de toda a comunidade educativa. Vaise continuar nesta liña?

Si, xa que consideramos as actividades colaborativas moi enriquecedoras. Nese sentido, o curso pasado realizáronse ‘Almorzos Formativos’ nos que se trata de desenvolver habilidades brandas relativas a liderado, comunicación, xestión de equipos, innovación ou transferencia. Foi unha iniciativa de moito éxito, actuando como punto de encontro para coñecer novas ferramentas, compartir experiencias e reflexionar. A creación de espazos de colaboración e interacción tamén é un aspecto relevante.

Hai algunha novidade na programación destes vindeiros meses?

Estamos elaborando a programación e intentaremos incorporar novas actividades. Xa hai propostas relacionadas coas novas tecnoloxías, como a intelixencia artificial ou a dixitalización. Como exemplo, xa se desenvolveu un curso sobre dixitalización máis orientado aos medios audiovisuais. Os principais esforzos vanse centrar en completar o módulo de investigación, innovación e transferencia. Nesa liña, estase avanzando na elaboración dun programa piloto de mentoring. Ademais, outro aspecto no que queremos avanzar é no deseño de actividades dirixidas a titores/as e directores/as de teses.

Cal é a valoración do alumnado de doutoramento sobre a calidade e utilidade das actividades que oferta a EDIUS?

En xeral, a valoración dos cursos é moi positiva. En cada curso cóbrese unha enquisa e os niveis de satisfacción son elevados. Ese elemento e a demanda dos cursos é o que nos leva a manter as actividades que funcionan ben (case todas) e intentar incorporar nova formación. A medio prazo, pretendemos avanzar na medición da satisfacción e calidade na docencia.

«Como principal fortaleza, destacaríaa unha oferta variada, especialmente en habilidades transversais»

Vendo o traballo que realizan outras escolas de doutoramento, cales son as fortalezas e debilidades da formación da escola da USC?

Como principal fortaleza, destacaríaa unha oferta variada, especialmente en habilidades transversais. Como debilidade, salientaría a limitación de recursos. Outro aspecto a mellorar é a comunicación co alumnado e co profesorado sobre a oferta formativa. Tamén temos que valorar a formación inicial para o alumnado estranxeiro.

Unha mensaxe para que os doutorandos e doutorandas se animen a inscribirse nos cursos e seminarios da Escola...

O doutoramento é un proceso de aprendizaxe continua. As actividades facilitan aprender sobre os distintos aspectos necesarios para desenvolver unha tese con éxito (metodoloxías, ferramentas...) e adquirir competencias útiles para o desenvolvemento persoal, profesional e social. Así mesmo, permite saír da rutina da tese e interactuar con compañeiros e compañeiras compartindo experiencias.

 **Ir ao sumario**

Información útil

Os doutorandos e doutorandas poderán coñecer todo o catálogo de cursos previstos na páxina web da **EDIUS**, no apartado de **Formación**. Nesta lapela, os cursos aparecen divididos en varios grupos: Transversais; Ciencias e Enxeñarías; Artes e Humanidades; Ciencias Sociais e Xurídicas; Ciencias da Saúde; e Profesorado. Todas as dúbidas sobre formación poden ser consultadas a través do correo electrónico **edius.formacion@usc.es**

As actividades formativas, tanto de carácter transversal como específico para cada programa de doutoramento, teñen por finalidade ofrecer unha formación complementaria á actividade investigadora, de xeito que o alumnado fortaleza competencias e habilidades tales como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación, os procesos de documentación científica, técnicas e métodos de comunicación científica e mais a redacción de traballos de investigación. Os cursos poderán ser de carácter presencial, semipresencial ou a distancia.

A inscrición destes cursos é *online* a través da Secretaría Virtual de cada alumno ou alumna. Podes planificar o teu tempo e a túa formación consultando desde xa a nosa web. Aínda que o listado xeral de actividades publícase ao comezo do curso, periodicamente, os estudantes recibirán por correo electrónico un boletín con información actualizada. Aí tamén se comunicarán tanto os cambios que se poidan producir nas actividades xa programadas coma as novas propostas formativas que vaian xurdindo ao longo do curso. Toda esta información tamén a podedes atopar no perfil de LinkedIn da EDIUS.

O lugar onde se desenvolve a actividade está sempre indicado na ficha do curso. A maioría das actividades desenvólvense no Centro de Formación EDIUS, no Campus Norte de Santiago, así como no Campus de Lugo.

EDIUS NOVAS

Programa de formación de Wiley para autores e autoras

A editora **Wiley** oferta oito webinarios, entre os meses de setembro e decembro, para axudar aos autores/as no proceso de publicación dos seus traballos nas revistas da editora e darlles a coñecer os Acordos Transformativos asinados coa CRUE- CSIC. É necesaria inscrición previa.

Estas sesións, dispoñibles en inglés e español, estarán orientadas a axudar en todos os pasos do proceso de publicación, desde elixir a revista correcta ata publicar en acceso aberto.

Até o momento, xa se levaron a cabo dous seminarios. O primeiro tivo lugar o 12 de setembro e tratou sobre o “Fluxo de traballo para publicar en revistas de acceso aberto *gold* e híbridas”. Tamén, no mes de setembro realizáronse os seminarios “Publish with Wiley: Scientific Writing Tips for Non-Native English Speakers” (en inglés) e “Como elixir a revista axeitada para o seu manuscrito”. Nos vindeiros meses realizaranse os seguintes seminarios:



“Step by Step Guide to Writing a Literature Review” (en inglés). **2 de outubro. 20 horas.**

Inscribirse

“Fluxo de traballo para publicar en revistas de acceso aberto *gold* e híbridas de Wiley”. **17 de outubro. 16 horas.**

Inscribirse

“Publique hoxe en acceso aberto nas revistas de Wiley co acordo transformativo”. **8 de novembro. 16 horas.**

Inscribirse

“Librarian Education Series: Understanding Copyright for Journal Authors” (en inglés). **14 de novembro. 17 horas.**

Inscribirse

“Publique hoxe en acceso aberto nas revistas de Wiley co acordo transformativo”. **6 de decembro. 16 horas.**

Inscribirse

Se queres coñecer máis sobre os acordos transformativos podes **consultar a guía da BUSC**.

[↩ Ir ao sumario](#)



O artigo 36 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC regula a presentación das teses con protección de dereitos. Trátase daquelas cuxos contidos están afectados por cláusulas de con-

fidencialidade con empresas, ou daquelas que poidan xerar dereitos de propiedade industrial e intelectual e cuxos contidos non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos.

Procedemento

O doutorando ou doutoranda iniciará o procedemento presentando unha solicitude por rexistro electrónico dirixido á EDIUS. Este documento está dispoñible na web deste centro. Xunto coa solicitude deberá entregar a seguinte documentación:

- PDF desprotexido do exemplar completo: achegarse xunto co resto dos documentos en formato PDF solicitados para a presentación da tese. Esta versión será a que se envíe desde este centro aos membros do tribunal nomeado para a súa avaliación, unha vez que remitan asinado o Compromiso de confidencialidade. Esta versión tamén será enviada dende o centro ao/á coordinador/a do programa ou persoa en quen delegue, para a súa valoración na CAPD e aos membros da Comisión Executiva da sección á que pertenza a tese de doutoramento, unha vez que remitan asinado o Compromiso de confidencialidade.
- O responsable da EDIUS asinará un Compromiso de custodia, baseado na información da solicitude presentada, que se entregará ao estudante. Na EDIUS custodiarase toda a documentación presentada polo mesmo.

Presentación ante a CAPD e documentación adicional

Ademais da documentación relativa á presentación de todas as teses, as persoas doutorandas cuxas teses sigan este procedemento presentarán a seguinte documentación adicional:

- Unha copia do compromiso de custodia asinado polo/a director/a da escola correspondente.
- Un exemplar en PDF coa versión reducida da tese na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade. Este exemplar será o que se consulte no prazo de exposición pola comunidade científica doutoral. Esta versión é sobre a que versará a exposición e defensa pública da tese.
- O resto dos documentos en PDF solicitados para a presentación da tese.

Defensa da tese

Se no momento da defensa da tese, o tribunal desexa formular cuestións á persoa doutoranda sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada con carácter previo ou posterior á pública.

Publicación da tese no repositorio institucional/Teseo

Unha vez aprobada a tese, o exemplar reducido será o que se publique no repositorio institucional **Minerva** así como en **Teseo**. Rematado o período de protección, procederase á substitución dese PDF polo do exemplar completo.

Prazos para a solicitude de prórrogas

Do 23 de xuño ao 7 de xullo de 2023: Prazo para os doutorandos e doutorandas con finalización inicial entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024.

En caso de que o doutorando ou doutoranda non indique na súa solicitude a duración da protección, comprométese a comunicar a súa finalización para proceder á substitución dos exemplares.



Teses

Xullo 2023

Lagrangian transport of moisture in the atmosphere and floating plastics in the ocean

SARA CLOUX GONZÁLEZ

Director/es: Vicente Pérez Muñuzuri

PD: Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión

Data: 23/06/2023 - Presencial

Resumo:

Esta tesis se centra en el estudio del transporte lagrangiano, un campo de la física que se encarga del análisis del transporte en fluidos. El objetivo de este trabajo es explorar los procesos de interacción entre partículas y fluidos en distintas áreas de la ciencia, como la oceanografía y la meteorología. Se examinarán las aplicaciones prácticas de esta área de estudio, como el movimiento de plásticos en el océano y el transporte de humedad en la atmósfera. Para ello, se explorará el uso de modelos numéricos para validar resultados y probar nuevas hipótesis.

Tese defendida en xuño.

Comportamiento agronómico e incidencia de enfermedades fúngicas de las variedades de vid asturiana (Vitis vinifera L.) de Albarín Blanco y Verdejo Negro, cultivada en distintos puntos de la zona vitícola asturiana

JOSÉ CUEVAS GONZÁLEZ

Director/es: Susana Boso Alonso, M^a del Carmen Martínez Rodríguez, Cristina Cabaleiro Sobrino (titora)

PD: Investigación Agraria e Forestal

Data: 03/07/2023 - Presencial

Resumo:

La tesis aborda el estudio del comportamiento de un clon de Albarín Blanco y otro de Verdejo Negro, cultivados en viñedos situados en distintos puntos geográficos de D.O. Los resultados muestran notables diferencias en la calidad de la uva, en la incidencia a enfermedades (Mildiu, Oidio, Botrytis) y en la concentración de polifenoles en el vino.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xuño

Marcadores de estrés oxidativo en pacientes con alteraciones del perfil circadiano de la presión arterial. Implicaciones de la cronoterapia

NÉSTOR VÁZQUEZ AGRA

Director/es: Álvaro Hermida Ameijeiras

PD: Investigación Clínica en medicina

Data: 06/07/2023 - Presencial

Resumo:

Esta tesis presenta un diseño observacional de corte transversal en el que hemos incluido pacientes hipertensos mayores de 18 años. Las variables recogidas incluyeron índices de monitorización ambulatoria de la PA durante 24 h. Los marcadores redox evaluados fueron las sustancias reactivas al ácido tiobarbitúrico (TBARS), tioles reducidos, vitamina A, vitamina E y metales (cobre y zinc). Los niveles de TBARS y ratio cobre/zinc se asociaron a un riesgo aumentado de un perfil no-dipper de PA. Los niveles de cobre, tioles reducidos y vitaminas liposolubles mostraron correlación con algunos índices nocturnos de PA. Los pacientes hipertensos que usaron bloqueadores del SRAA antes de dormir presentaron niveles más bajos de TBARS que el grupo comparación y correlación entre los niveles de tioles y la profundidad nocturna de la PA diastólica.

Storytelling de big data como modelo de periodismo de proximidad aplicado al ecosistema híbrido de Lugo

MARÍA VALCÁRCEL TABERNERO

Director/es: José Sixto García

PD: Comunicación e Información Contemporánea

Data: 06/07/2023 - Presencial

Resumo:

La utilización de herramientas, técnicas y metodologías de investigación basadas en el pensamiento computacional y capaces de implementarse en un modelo de periodismo de proximidad abre nuevas vías de descubrimiento de conocimiento en torno a una ciudad y la interacción con sus habitantes. La aplicación del storytelling de big data al ecosistema híbrido de Lugo permite analizar la realidad local de una manera transdisciplinar a través de la visualización de datos cuantitativos y cualitativos y tecnologías SIG. La creación de una plataforma digital, de acceso abierto, para la construcción de historias periodísticas desde las humanidades digitales, sin alejarse del rigor informativo, permite un avance en los procesos de democratización de información en el ecosistema de la cibercultura y en la implementación de la convergencia digital en el periodismo de proximidad.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en xuño

Efficient query over large datasets of analytical chemistry

DAVID LUACES CACHAZA

Director/es: Anselmo Tomás Fernández Pena, José Ramón Ríos Viqueira

PD: Investigación en Tecnoloxías da Información

Data: 14/07/2023 - Presencial

Implantación de reservorio braquial en pacientes con tratamento endovenoso prolongado

FÉLIX ÁLVAREZ FERNÁNDEZ

Director/es: José Martín Carreira Villamor, Rafael Varela Ponte

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 14/07/2023 - Presencial

El reto de la reputación online en la alta restauración de Galicia

MARÍA MOSQUERA LEAL

Director/es: Fermín Galindo Arranz

PD: Comunicación e Información Contemporánea

Data: 17/07/2023 - Presencial

 **Ir ao sumario**

Resumo:

In this Thesis, a cutting edge system that enables the storage and querying of molecular data has been designed and implemented, paying attention to the molecular substructure search, where new filter-then-verify (FTV) methods, beyond the state-of-the-art, were designed, implemented, and tested, achieving performance gains over 75% in the filtering stage. A generic framework for the implementation of FTV techniques on a distributed architecture was also developed, enabling the application of the FTV methods on very large graph databases, achieving a great performance gain in both index building and query execution. Finally, the Thesis presents a study for the use of different FTV solutions to obtain approximate results in an interactive searching application.

Resumo:

Es cada vez mayor la relevancia que tiene la opinión de los pacientes en cuanto a los procedimientos que integran la asistencia sanitaria a los que son sometidos y los resultados que derivan de ello. El objetivo principal de este estudio es conocer la satisfacción percibida por el paciente portador de catéter venoso central con reservorio subcutáneo braquial. Se realizó una encuesta entre todos los pacientes oncohematológicos con un reservorio venoso subcutáneo braquial desde el 1 de junio de 2018 hasta el 31 de diciembre de 2020 en el Servicio de Radiología Intervencionista del Hospital Ribera POVISA. Con un porcentaje de éxito técnico del 100% para la implantación del dispositivo, se obtuvieron 86 pacientes que respondieron a la encuesta manifestando una percepción de beneficios en un 87% (n=72) de ellos.

Resumo:

La presente investigación analiza el impacto de las redes sociales y las plataformas de recomendación en la alta restauración, tomando como muestra los restaurantes de la comunidad autónoma de Galicia. Los negocios hosteleros se ven influenciados por los comentarios y puntuaciones que sus propios clientes comparten en Internet. El conjunto de la información generada por los usuarios es hoy en día una pieza crucial a la hora de lograr una buena reputación en sus establecimientos. El objetivo principal de este trabajo es analizar los parámetros de comunicación y valoración más comunes y establecer su influencia en el día a día de los negocios de este sector.

Teses defendidas en xuño

O asociacionismo no desenvolvemento socioeducativo e cultural do Concello de Vedra. Orixes, actualidade e perspectiva

IVÁN GARCÍA GARCÍA

Director/es: María Belén Caballo Villar, Jesús Rodríguez Rodríguez

PD: Equidade e Innovación en Educación

Data: 18/07/2023 - Presencial

Resumo:

Esta investigación ten como obxectivo analizar en clave descriptiva e interpretativa o tecido asociativo do Concello de Vedra estudando os antecedentes, o perfil, as accións e o impacto no seu desenvolvemento socioeducativo e cultural. Os resultados indican que diferentes fitos históricos influíron na realidade asociativa de Vedra. Tamén concluímos que as entidades vedresas contan con diversas potencialidades, como pode ser o nivel de implicación da veciñanza ou a gran capacidade de acción, pero ao tempo teñen limitacións, carencias e novos desafíos que afrontar como o relevo xeracional e a necesidade de optimización dos recursos. Por outra parte, identifícase que o impacto do labor asociativo vedrés no desenvolvemento socioeducativo e cultural da veciñanza é importante tanto a nivel individual (valores, incentivo profesionalizador, recursos para a vida, de relación...), como colectivo (transformacións sociocomunitarias dos contornos e espazos de convivencia).

Incertidumbre y decisiones de ahorro de los hogares en Colombia: evidencia de ahorro precaución

FREDDY JESÚS RUIZ HERRERA

Director/es: Roberto Bande Ramudo, María Dolores Riveiro García

PD: Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

Data: 18/07/2023 - Semipresencial

Resumo:

